



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Atención ante situacións de urxencia | Código | 750G02038 | |
| Titulación | Grao en Podoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Garcia Sanchez, Maria Matilde | Correo electrónico | matilde.garcia@udc.es | |
| Profesorado | Garcia Sanchez, Maria Matilde | Correo electrónico | matilde.garcia@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Situacións de urxencia relacionadas co estado de saúde: urxencias neurolóxicas, respiratorias, endocrinolóxicas, shock. Avaliación e valoración. Situacións de urxencia relacionadas con accidentes traumáticos. Traumatismos craniais, toraco-abdominais, espinais, de extremidades. Inmovilización. Situacións de urxencia especiais: axentes físicos, queimaduras, conxelacións, intoxicacións, mordeduras e picaduras. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A34 | Coñecer os métodos de reanimación cardiopulmonar e resucitación en casos de emerxencia. DEA. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B12 | Capacidade de xestión da información. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|-----------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Intervenir inmediatamente ante un accidente o enfermidade repentina | A34 | B1 B2 B3 |
| Identificar e valorar situacións habituais de emerxencia | A34 | B1 B3 | C6 |
| Realizar a valoración inicial do paciente e a primeira atención para salvar a vida ou minimizar as secuelas derivadas dunha situación de emerxencia | A34 | B1 B2 B3 | C6 |
| Tomar decisións en situacións de urxencia con priorización e adecuación da resposta | A34 | B2 B3 B12 | C6 |
| Realizar os procedementos máis usuais empregados no coidado e soporte vital básico do individuo ante unha situación urxente | A34 | B1 B2 B3 B12 | C1 C6 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|---|--|
| UNIDADE 1. ATENCION ANTE SITUACIÓNS DE URXENCIA. EVALUACION E VALORACION. | <p>1.1. Principios e prioridades na atención de urxencia.</p> <p>1.2. Valoración primaria e secundaria.</p> <p>1.3. Principios básicos na atención ante accidente traumático e enfermidade repentina</p> |
| UNIDADE 2. ATENCION ANTE SITUACIÓNS DE RISCO VITAL | <p>2.1. Obstrución da vía aérea</p> <p>2.2. Resucitación cardiopulmonar básica</p> <p>2.3. Hemorraxia severa</p> |
| UNIDADE 3. SITUACIÓNS DE URXENCIA ESPECIAIS | <p>3.1. Feridas</p> <p>3.2. Queimaduras</p> <p>3.3. Lesións provocadas por axentes físicos.</p> <p>3.4. Mordeduras e picaduras</p> <p>3.5. Intoxicacións</p> |
| UNIDADE 4. SITUACIÓNS DE URXENCIA RELACIONADAS CON ACCIDENTES TRAUMATICOS | <p>4.1. Traumatismos craneoencefálicos</p> <p>4.2. Traumatismos espinales</p> <p>4.3. Traumatismos toraco-abdominais</p> <p>4.4. Traumatismos en extremidades superiores e inferiores</p> <p>4.5. Inmovilización</p> |
| UNIDADE 5. SITUACIÓNS DE URXENCIA RELACIONADAS CO ESTADO DE SAÚDE | <p>5.1. Urxencias neurolóxicas.</p> <p>5.2. Urxencias respiratorias</p> <p>5.3. Urxencias cardiovasculares</p> <p>5.4. Urxencias endocrino-metabólicas</p> |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario | A34 B1 B2 B3 B12 C6 | 12 | 42 | 54 |
| Simulación | A34 B1 B2 B3 C6 | 7 | 10.5 | 17.5 |
| Lecturas | B3 B9 B12 C6 | 0 | 10 | 10 |
| Proba mixta | A34 B2 B3 B12 C1 C6 | 2.5 | 0 | 2.5 |
| Sesión maxistral | A34 B1 B12 C6 | 21 | 42 | 63 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Seminario | A atención personalizada, que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial onde se traballan contidos de forma máis explícita apoiándose na resolución de casos prácticos, o que implica unha participación activa do alumno na actividade. A través da plataforma virtual, o profesor programará as actividades correspondentes segundo o plan de traballo da materia. |
| Simulación | Baséase na configuración de situacións de risco que necesitan dunha atención de emerxencia, similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe, co obxectivo de pór ao alumno ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba a súa comportamento, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia. |



| | |
|------------------|--|
| Lecturas | Lectura e estudo da bibliografía seleccionada previamente polo profesor, como fonte de información e profundización nos contidos da materia. |
| Proba mixta | Proba escrita sobre os contidos do programa da materia de Atención sobre situacións de urxencia onde o alumno deberá responder a preguntas relacionadas e casos prácticos, co fin de valorar a resposta esperada así como a capacidade de razoamento e síntesis dos coñecementos adquiridos. Esta proba final realizarase na Convocatoria Oficial (na data oficial do centro). |
| Sesión maxistral | Método expositivo de lección na aula impartida polo profesor con participación do alumno, co apoio dos medios audiovisuais necesarios. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Simulación Seminario | A atención personalizada, que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial para o alumno co profesor, polo que implica a participación do alumno. A forma e o momento en que se desenvolverá se indicará en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|--|---------------|
| Proba mixta | A34 B2 B3 B12 C1 C6 | Proba escrita sobre os contidos do programa da materia de Atención sobre situacións de urxencia onde o alumno deberá responder a preguntas relacionadas e casos prácticos, co fin de valorar a resposta esperada así como a capacidade de razoamento e síntesis dos coñecementos adquiridos. Esta proba final realizarase na Convocatoria Oficial (na data oficial do centro). | 80 |
| Seminario | A34 B1 B2 B3 B12 C6 | A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias específicas e transversais, suporá o 10% da cualificación final. | 20 |

Observacións avaliación



PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

A avaliación anteriormente descrita é OBRIGATORIA para todos os alumnos con MATRICULA COMÚN que se presenten á primeira oportunidade. levará a cabo unha avaliación continua onde a aplicación das porcentaxes correspondentes realizarase a condición de que o alumno teña todas as probas (Dossier de exercicios e Proba de ensaio/desarrollo) superadas de maneira independente.

Cando o alumno non supere de maneira independente una ou máis probas suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. Se a media aritmética supera o 5, ao non superar algunha das avaliacións, figurará cun 4,5 en acta.

O feito de non presentarse a algunha das probas implica figurar en acta como NON PRESENTADO.

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Para a Segunda Oportunidade o alumno será avaliado mediante un exame único escrito que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade.

MATRÍCULA PARCIAL:

Para os alumnos de MATRICULA PARCIAL poderán optar por examinarse por escrito en primeira e segunda oportunidade nun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade, onde se aplicarán as porcentaxes relativas a cada parte do contido da materia.

OPORTUNIDADE ADIANTADA:

Os alumnos que soliciten OPORTUNIDADE ADIANTADA deberán examinarse por escrito a través dun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade.

MATRÍCULA DE HONRA:

Poderán optar a matrícula de Honra aqueles alumnos cuxa media supere o 9,5.

A profesora da materia poderán considerar criterios adicionais nos resultados obtidos polos estudantes en calquera das accións formativas programadas na guía docente da materia.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Buttaravoli, P (2010). Urgencias menores de la A a la Z. Barcelona : Elsevier- Castillo M. D, León M. T. (2009). Signos y síntomas en urgencias y emergencias.. Alcalá la Real (Jaén): Formación Alcalá- Pérez P, Campuzano J.M. (2009). Manual de técnicos de transporte sanitario. Madrid: Arán- Garcia D, Mensa J, Nogue S . (2009). Terapéutica médica de urgencias 2008-2009. Madrid: Panamericana,- Morillo J. (2007). Asistencia prehospitalaria urgente.. Madrid: Elsevier,- Moya M. (2008). Guía rápida de actuación en urgencias. Madrid: Ed. Médica Panamericana <p>A bibliografía seleccionada serve como soporte para ampliar os contidos da materia, ademais o profesor incluirá lecturas e artigos que puntualmente irá incorporando á plataforma Moodle, para complementar a bibliografía recomendada.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001
Fisioloxía xeral/750G02003
Patoloxía xeral/750G02008
Quiropodoloxía 2/750G02028

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Esta materia ten como fin preparar á o alumno para que adquira os coñecementos, actitudes e habilidades imprescindibles para actuar ante unha situación de emerxencia; que entraña risco vital ou non, producida como consecuencia dun accidente ou enfermidade repentina; ata a intervención da atención sanitaria especializada. Por tanto considérase importante que o alumno adquira competencias previas nas materias anteriormente sinaladas para alcanzar os obxectivos preestablecidos para esta materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías